




3º E 4º PRIMARIA

CEIP TORRE CELA



COMO FUNCIONA O NOSO CORPO



Nome:

SOMOS SERES VIVOS

QUE SOMOS?

ANIMAI

- Alimentámonos doutros seres vivos.
- Temos órganos dos sentidos.
- Podemos desprazarnos.



TERRESTRES: Vivimos fóra da auga.



OMNÍVOROS: Alimentámonos de animais ou de plantas.



VERTEBRADOS: Temos esqueleto interno (columna vertebral).



VIVÍPAROS: As crías humanas desenvólvense no ventre da nai.



MAMÍFEROS: As crías recién nacidas maman o leite da nai tras o parto.



CARACTERÍSTICAS EXCLUSIVAS DAS PERSOAS

- **Pel** que recobre o corpo (diferente tonalidade nunhas persoas e noutras) con **peluxe**.
- **Postura erguida:** Tronco vertical, cabeza máis alta ca doutros animais, mans libres.
- **Extremidades:** Superiores (brazos rematados en mans) e inferiores (pernas que rematan en pés, somos bípedes).
- O noso **cerebro:** Intelixencia para falar, inventar, aprender ou emocionarnos.
- Vivimos en **sociedade:** Formamos familias, axudámonos e convivimos con outros.



AS FUNCIÓNS VITAIS



Vídeo sobre as
funcións vitais

Os seres vivos diferenciamonos dos seres inertes en que realizamos as tres funcións vitais.

NUTRICIÓN

Transforma os **alimentos** que se inxiren e o osíxeno que se respira na **enerxía** e os **nutrientes** que necesita o corpo para crecer.

Nela participan os aparatos:

DIXESTIVO: Obtén os nutrientes dos alimentos.

RESPIRATORIO: Obtén osíxeno do aire e expulsa dióxido de carbono.

CIRCULATORIO: Distribúe as substancias por todo o corpo a través do sangue.

EXCRETOR: Expulsa refugallos, o que non se aproveita (suor, ouriños).



RELACIÓN

Capta o que **ocorre** na contorna e **reacciona** ante as situacións que se presentan.

Exemplo: Se tocamos algo quente, apartamos a man rapidamente.

Nela participan:

SISTEMA NERVIOSO: Sentidos, nervios e cerebro.

APARATO LOCOMOTOR: Músculos e ósos.




REPRODUCCIÓN

Permite aos seres vivos **ter descendencia** (fillos), crear outros seres semellantes a eles.

Nela participan:

APARATO REPRODUTOR FEMININO: Ovarios, que producen óvulos.

APARATO REPRODUTOR MASCULINO: Testículos, que producen espermatozoides.



Neste plan de traballo estudaremos a nutrición e a reprodución. A relación verémola no plan 2.

1. FUNCIÓN DE NUTRICIÓN

APARATO DIXESTIVO




Vídeo sobre o aparato dixestivo

O proceso dixestivo **transforma os alimentos** que comemos para **extraer nutrientes** que necesita o organismo. Tamén separa a parte dos alimentos que non se aproveitan e expúlsanse fóra do corpo.

Na dixestión interveñen: a **boca**, a **farinxe**, o **esófago**, o **estómago**, o **intestino delgado**, o **intestino grosso** e o **ano**.



Simulación: seguindo ao alimento



Para **protexer o aparato dixestivo**, debemos:



Comer despacio



Facer 5 comidas ao día



Tomar 5 racións de froita e verdura e auga



Almorzar leite, froita e cereais e cear lixeiro



Lavar a verdura e a froita antes de tomala



Lavar as mans antes e cepillar os dentes despois

APARATO RESPIRATORIO



[Vídeo sobre o aparato respiratorio](#)

O aparato respiratorio **toma do aire o osíxeno** que necesita o corpo para **obter enerxía**. Tamén **elimina o dióxido de carbono** que se produce como substancia de refugallo.

INSPIRACIÓN



Para **protexer o aparato respiratorio**, debemos:



Ventilar o cuarto 10 min ao día para renovar o aire



Evitar os cambios bruscos de temperatura



Abrigarse e protexerse do frío



Respirar polo nariz para que o aire se quente, se humedeza e se limpe



Tapar a boca e o nariz ao tusir e espirrar para previr contaxios



Evitar os lugares moi contaminados por fumes, tabaco ou químicos.

APARATO CIRCULATORIO



[Vídeo sobre o aparato circulatorio](#)


O aparato circulatorio **distribúe a todas as células** do corpo **os nutrientes** absorbidos polo aparato dixestivo e **o osíxeno** captado polo aparato respiratorio.

Tamén **traslada as substancias de refugallo** e **o dióxido de carbono** ao aparato excretor, que se encarga de eliminalos.

Neste proceso, **interveñen**:




- **O sangue:** Transporta nutrientes, osíxeno e substancias de refugallo.



- **Os vasos sanguíneos:** Condutores polos que circula o sangue. Son as veas, arterias e capilares.



- **O corazón:** Músculo que bombea o sangue para que chegue a todas as partes do corpo. Divídese en catro cavidades, dúas aurículas, que reciben o sangue, e dous ventrículos, que o impulsan a todos os órganos.



Para **protexer o aparato circulatorio**, debemos:



Practicar exercicio físico habitualmente para fortalecer o corazón.



Comer máis froita, verdura, cereais, legumes e peixe.



Inxerir menos graxas animais, e reducir o consumo de sal.



Evitar ambientes con moito fume e substancias tóxicas, como o tabaco ou o alcohol.


APARATO EXCRETOR




Vídeo sobre o aparato excretor

O aparato excretor **elimina as substancias de refugallo** que xera o organismo. Está formado polo sistema urinario e as glándulas sudoríparas.

O **sistema urinario** elimina o que non serve a través dos riles, os uréteres, a vexiga e a uretra, que expulsa os ouriños.



As **glándulas sudoríparas** eliminan as substancias a través da suor, que sae ao exterior polos poros da pel.



Para **protexer o aparato excretor**, debemos:



Beber moita auga para facilitar o traballo dos riles.



Unha boa hixiene corporal para ter a pel limpa.



Ir ao baño cando se teña ganas, sen aguantar moito.



Facer deporte e usar roupa que deixe transpirar a pel.


2. FUNCIÓN DE REPRODUCCIÓN

OS APARATOS REPRODUTORES




[Vídeo sobre a reprodución](#)

A reprodución permite ter descendencia, crear novos seres semellantes a nós. Nela, interveñen o aparato reprodutor feminino e o aparato reprodutor masculino.



Os ovarios producen **óvulos**.



Os testículos producen **espermatozoides**.

A unión dun óvulo e dun espermatozoide no útero da muller orixina un **novo ser**, que crece e se desenvolve durante nove meses no ventre da súa nai antes de nacer.






Os chicos e as chicas son diferentes:


Os **chicos** teñen órganos sexuais masculinos visibles: o **pene** e os **testículos**, onde se fabrican os espermatozoides.

As **chicas** teñen órganos sexuais femininos. Un visible, a **vulva**, e outros invisibles: os **ovarios**, que fabrican os óvulos; e o **útero**, onde medra o bebé.

A vulva é o conxunto de órganos xenitais, que inclúe os *labios* vexinais, o clítoris, o orificio uretral, a abertura vexinal e o pube.




A vulva, a parte externa dos órganos femininos




Para xestar un bebé é preciso que un espermatozoide fecunde un óvulo


A partir da puberdade, o corpo das chicas pode dar vida a un bebé. Cada mes, os seus ovarios producen un óvulo. Se este se atopa cun espermatozoide, fórmase un ovo que pode converterse nun bebé. Se non, no útero, o endometrio, a mucosa que tería acollido ao bebé, destrúese e dá lugar a un pequeno sangrado que se elimina pola vaxina. É a **regla** ou **menstruación**.




Tanto as chicas como os chicos teñen **peitos con pezón** en cada un, pero entre os 11 e 16 anos só os peitos das chicas aumentan de volume, crecendo arredor do pezón. Poden ser de **distintas tallas e formas**, e ás veces de **distinto tamaño**. Cada peito contén **graxa** e unha **gándula mamaria**, que produce leite despois do parto. O peito dos chicos mantense plano, non lles permite alimentar bebés, pero os papás poden darlle o biberón sempre que queiran.



Os peitos poden ser de moitas formas e tamaños



Sexas un neno ou unha nena, es libre de decidir se desexas dicir a alguén que te gusta. Ademais, unha chica pode namorarse doutra chica, e un chico, doutro chico. En materia de amor só conta unha regra: o **consentimento**, preguntar á outra persoa se quere iniciar unha relación.



O corpo é privado. Ninguén, adulto ou neno, pode impoñer un bico, unha caricia ou un mimo, aínda que sexan amigos ou da mesma familia. Antes de bicarse ou abrazarse, debemos preguntar á outra persoa se está de acordo, por respecto, sen forzar á outra persoa se nun momento dado non lle apetece.

